



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A ASOCIACIÓN "PLAN COMUNITARIO DE TEIS", PARA A EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DUN PLAN COMUNITARIO DE SAÚDE**

Na data da sinatura dixital,

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, así como coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, actuando en virtude das atribucións que ten conferidas.

E doutra parte, D. Eduardo García Crespo, Presidente, en representación da Asociación PLAN COMUNITARIO DE TEIS, con CIF G36791960, e domicilio social en R/ Coutadas nº 59, 36207, Teis, Vigo.

Recoñecéndose mutuamente a capacidade legal para subscribir o presente convenio,

### **MANIFESTAN**

1. Que a Consellería de Sanidade ten entre as súas competencias a promoción da saúde pública, a prevención dos trastornos adictivos e a coordinación de políticas transversais que melloren os determinantes sociais, ambientais, educativos e comunitarios que afectan á saúde da poboación.

O Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da

Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde, de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de autonomía de Galicia e que lle foron asignadas polo Decreto 28/1980, do 15 de outubro.

2. Que a Asociación Plan Comunitario de Teis (en adiante a Asociación) é unha entidade con ampla experiencia e implantación no territorio, centrada en dinamizar procesos comunitarios de promoción da saúde e mellora da calidade de vida da cidadanía.
3. Que o barrio de Teis, polas súas características urbanísticas, sociais, económicas e ambientais é un barrio de especial vulnerabilidade no que concorren, actualmente as seguintes situacións: unha alta concentración e persistencia de problemas económicos, como grandes carencias formativas, altos índices de absentismo escolar, alta taxa de desemprego, elevados casos de adicións, significativa porcentaxe de persoas beneficiarias de axudas sociais, escasa ou nula participación social ou taxa de actividade económica, entre outros. Por outra parte, obsérvase un proceso de regresión urbanística, caracterizado pola degradación progresiva da edificación ou a persistencia de déficits de equipamentos, ou ben a insuficiencia ou a falta de calidade da urbanización, das redes viarias, de saneamento, do espazo público e as zonas verdes. Tamén é destacable a existencia de problemas relacionados coa seguridade e a convivencia, como unha alta concentración de delitos e actividades ilegais, inexistencia de estruturas de convivencia veciñal, relacións convivenciais conflitivas, así como importantes taxas de inseguridade cidadá.
4. Que ambas partes consideran imprescindible afrontar os trastornos do comportamento –como as adicións con e sen substancia– desde unha perspectiva integral, que atenda conxuntamente os diferentes determinantes da saúde, segundo os principios da saúde comunitaria e da equidade.



5. Que o enfoque proposto pola Asociación constitúe unha proposta singular e innovadora baseada nun modelo de intervención 360º, que implica de forma articulada á sociedade civil organizada, á administración sanitaria, á administración educativa e ao conxunto de axentes do territorio.
6. Que o carácter estratéxico e transversal deste proxecto sitúa a intervención como unha potencial boa práctica en promoción da saúde e prevención das adicións, susceptible de ser avaliada e recoñecida polo Plan Nacional sobre Drogas.
7. Que a Asociación pertence á Área Sanitaria de Vigo que consta como 1ª na Táboa de priorización segundo o Índice de Risco Epidemiolóxico (IRE), polo que se considera a de maior índice de Risco en consumo de drogas, cunha cualificación de 12 puntos de Índice de Risco Absoluto de Prioridade. Ademais, é o único Plan Comunitario existente na Provincia de Pontevedra.

Tendo en conta as especiais condicións do plan como da zona na que se desenvolve, así como a especialización técnica da Asociación, a súa implantación local e a metodoloxía específica que a distingue doutras iniciativas, non resulta posible promover a concorrencia.

Polo tanto, dadas as razóns de interese público expostas, de acordo co previsto nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, nos que se regula a posibilidade de conceder subvencións de forma directa sempre que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, as partes coinciden na necesidade de establecer un marco de colaboración para desenvolver esta acción comunitaria de saúde no ámbito territorial definido.



## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Asociación para a execución e desenvolvemento dun Plan Comunitario de Saúde no barrio de Teis, conforme ás condicións descritas no Anexo I, dadas as especiais características do ámbito no que se desenvolverá, e tendo en conta que é o único Plan Comunitario existente na Provincia de Pontevedra.

A correspondencia cos indicadores do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) é a seguinte:

Plan Estratéxico	Planificación de Fondos Europeos	Actividade	Indicador	Fito
Plan Estratéxico de Galicia (PEG)	NON	PROGRAMA PREVENCIÓN DE DROGAS	P00076- ENTIDADES BENEFICIADAS	55

### **SEGUNDA.- Compromisos da Consellería de Sanidade**

A Consellería de Sanidade, asume os seguintes compromisos:

- Financiar a execución e desenvolvemento dun Plan Comunitario de Saúde no barrio de Teis, no período comprendido entre o 1 de xullo de 2025 e o 30 de xuño de 2028, nos termos recollidos na cláusula cuarta
- Prestar apoio técnico a través dos servizos de saúde pública.
- Participar na gobernanza do plan.
- Colaborar no financiamento do proxecto nas condicións previstas nas cláusulas cuarta e quinta deste convenio á vista do orzamento reflectido no Anexo II.
- Estudar, en función dos resultados, a posibilidade de estender esta metodoloxía de traballo a outras zonas de Galicia.



### **TERCEIRA.- Compromisos da Asociación**

A asociación asume os seguintes compromisos:

- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Asociación asume, na súa condición de beneficiaria, a total responsabilidade ante a Consellería de Sanidade da execución e desenvolvemento do plan detallado no Anexo I, segundo os principios e directrices establecidos pola Consellería de Sanidade.
- Garantir a participación comunitaria no barrio de Teis.
- Entrega de memorias técnicas das actuacións segundo se detalla no Anexo IV.
- Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- Comunicar á Consellería de Sanidade, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- Subministrar a Consellería de Sanidade a información necesaria para o cumprimento das obrigas de transparencia sendo de aplicación o artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

### **CUARTA.- Financiamento**

Para o financiamento do convenio prevese unha achega de cento oitenta mil euros (180.000 €) en catro anualidades, que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 12.02.413A.481.1 (código de proxecto 201500449) dos orzamentos da Consellería de Sanidade - Dirección Xeral de Saúde Pública para os anos 2025-2026-2027-2028, na que existe crédito



axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 e condicionada a que exista crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da comunidade autónoma nos exercicios seguintes.

As anualidades e importes serán os seguintes:

- Ano 2025: 30.000 euros
- Ano 2026: 60.000 euros
- Ano 2027: 60.000 euros
- Ano 2028: 30.000 euros

#### **QUINTA.- Libramento dos fondos.**

O pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Os pagamentos realizaranse do seguinte xeito:

##### a) Anualidade de 2025

Trala sinatura do convenio poderá realizarse un primeiro pagamento anticipado, por importe equivalente ao 100% da contía outorgada para o ano 2025. A tal fin, a entidade achegará a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude de pago co número de conta bancaria.
- Declaración responsable de non estar incursos en prohibicións para ser beneficiarios de axudas (art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da



comunidade autónoma.

#### b) Anualidade de 2026

Segundo pagamento anticipado, por importe equivalente ao 100% da contía outorgada para o ano 2026. Este pagamento poderá efectuarse a partir do 1.3.2026,–previa xustificación do primeiro pagamento anticipado que incluíra a relación dos gastos executados e correspondentes ás actividades desenvolvidas entre o 1.7.2025 e o 31.12.2025. Ademais, a entidade achegará a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude de pago co número de conta bancaria.
- Declaración responsable de non estar incursos en prohibicións para ser beneficiarios de axudas (art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A data límite para a presentación da xustificación do primeiro pagamento anticipado será o 31.1.2026.

#### c) Anualidade de 2027

Terceiro pagamento anticipado, por importe equivalente ao 100% da contía outorgada para o ano 2027. Este pagamento poderá efectuarse a partir do 1.3.2027,–previa xustificación do segundo pagamento anticipado que incluíra a relación dos gastos executados e correspondentes ás actividades desenvolvidas entre o 1.1.2026 e o 31.12.2026. Ademais, a entidade achegará a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude de pago co número de conta bancaria.





- Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para ser beneficiarios de axudas (art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A data límite para a presentación da xustificación do segundo pagamento anticipado será o 31.1.2027.

#### d) Anualidade de 2028

Cuarto pagamento anticipado, por importe equivalente ao 100% da contía outorgada para o ano 2028. Este pagamento poderá efectuarse a partir do 1.3.2028, previa xustificación do terceiro pagamento anticipado que incluírá a relación dos gastos executados e correspondentes ás actividades desenvolvidas entre o 1.1.2027 e o 31.12.2027. Ademais, a entidade achegará a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude de pago co número de conta bancaria.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para ser beneficiarios de axudas (art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.



A data límite para a presentación da xustificación do terceiro pagamento anticipado será o 31.1.2028.

A xustificación do cuarto pagamento anticipado incluírá a relación dos gastos executados e correspondentes ás actividades desenvolvidas entre o 1.1.2028 e o 30.6.2028.

A data límite para a presentación da xustificación deste pagamento será o 31.7.2028

### ***SEXTA.- Gastos subvencionables e xustificación.***

1. De conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xullo de 2025 e o 30 de xuño de 2028, ámbolos dous días inclusive.

Serán subvencionables os gastos que teñan a seguinte natureza:

- a) Gastos de persoal da entidade. Custo total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social correspondentes á entidade.
- b) Gastos de persoal en réxime de arrendamento de servizos(subcontratación).
- c) Gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro do correspondente programa, tales como os correspondentes aos alugueiros dos locais, asesoría, electricidade, gas, auga, telefonía, lixo ou comunidade.
- d) Gastos derivados da elaboración, deseño e impresión do material empregado para a execución dos programas e a súa difusión.
- e) Gastos de formación (obradoiros e accións específicas) dos/as profesionais.
- f) Axudas de custo e gastos de viaxe, segundo as contías fixadas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia e revisadas mediante os acordos correspondentes do Consello da Xunta de Galicia, para o grupo 2º de persoal empregado público da Xunta de Galicia.
- g) Os tributos consideraranse gastos subvencionables cando a/s entidade/s



beneficiaria/s desta axuda os aboe/n efectivamente e sempre que, no caso dos impostos indirectos, non sexan pola súa parte susceptible de recuperación ou compensación.

- h) En ningún caso terán a consideración de gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, así como os xuros, recargas ou sancións administrativas ou os gastos de procedementos xudiciais.
- i) Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de integrante das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

2. Aos efectos do previsto nos artigos 46 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Asociación acreditará expresamente o destino e importe dos gastos efectivamente realizados con cargo ao convenio, mediante os documentos xustificativos seguintes:

a) Relación ordenada de gastos en formato de folla de cálculo editable, que incluíra a información contida no anexo III.

b) Gastos de persoal: deberá achegarse, xunto coas nóminas correspondentes e os seus xustificantes bancarios de pagamento, a seguinte documentación:

- TC1: recibo de liquidación das cotizacións de cada mes do que se imputen nóminas.
- TC2: relación nominal de traballadores de cada mes de que se imputen nóminas.
- Xustificante de pagamento mensual da Seguridade Social e modelo 111 e 190 de ingresos por retencións de IRPF, xunto cos seus xustificantes de pagamento.

No caso das pagas extraordinarias, poderase imputar a parte proporcional dos meses e horas imputadas desas nóminas ás actividades do programa.

c) Gastos de persoal en réxime de arrendamento de servizos (subcontratación).

– Factura que inclúa:

- Nome, apelidos e NIF do traballador, data e período de liquidación e retención por IRPF.



- IVE aplicado, se procede. No caso de exención do pagamento do IVE, especificar a normativa que o xustifica.
  - Xustificante de bancario de pagamento
- Impresos 111 e 190 de ingresos por retencións de IRPF e xustificante bancario de pagamento que debe mostrar en que data se fixo o cargo na conta.
- Copia do modelo 036 de declaración censual de alta.
- d) Gastos correntes :
- Facturas e documentos acreditativos do pagamento.
- e) Gastos de material e de formación
- Facturas e documentos acreditativos do pagamento.
- e) Axudas de custo e gastos de viaxe: Presentaranse as facturas ou tickets así como outros documentos acreditativos do pagamento, que deberán ir acompañados dun informe do/a presidente/a na que se especifique quen realizou a viaxe e a necesidade do desprazamento dentro dos fins do proxecto, así como achegar todos os xustificantes de recepción e billetes do medio empregado.

Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación correspondente. Exceptuaranse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior, por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación.

3. Deberán presentar unha memoria descritiva breve da actividade realizada, resaltando a intervención na prevención de condutas adictivas, segundo o modelo que figura no anexo IV.

4. Cando as actividades teñan sido financiadas, ademais de con este convenio, con fondos



propios ou outras subvencións ou recursos, acreditarase mediante certificación da tesourería co visto e prace da presidencia da entidade, o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades.

5. En todo caso, a Consellería de Sanidade resérvase o dereito de solicitar canta documentación consideren precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

A Dirección Xeral de Saúde Pública comprobará a acreditación do cumprimento e efectividade das condicións e requisitos determinantes para o outorgamento da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión dos fondos, con base na documentación presentada pola Asociación.

Con base na indicada documentación, a Dirección Xeral de Saúde Pública levará a cabo a comprobación da xustificación documental e emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións previstas no convenio en cada unha das anualidades.

A Consellería de Sanidade, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

### ***SÉTIMA.- Subcontratación***

As actividades realizaranse por persoal propio da Asociación, de xeito xeral. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades das persoas beneficiarias destas sexa necesario, a Asociación poderá subcontratar até un máximo do 75% do importe da actividade subvencionada.

O exceso de subcontratación sobre a antedita cantidade minorarase directamente do importe da subvención concedida a través deste convenio.



A este respecto, serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

#### ***OITAVA.- Inexistencia de relación laboral***

A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a Consellería de Sanidade e o persoal da Asociación ou subcontratado, que realicen as actividades obxecto deste, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán exixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

#### ***NOVENA. Compatibilidade***

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

#### ***DÉCIMA .- Protección de datos***

As partes do presente convenio respectarán todas as previsións legais establecidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos



Dixitais, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación deses datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

## 1. Tratamento de datos persoais dos asinantes deste convenio

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento deste convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento destes datos persoais é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

As persoas asinantes manifestan o seu consentimento para que poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto aqueles datos persoais, de entre os recollidos neste convenio, e mailo resto de especificacións nel contidas, que poidan resultar necesarios para o cumprimento da lexislación vixente en materia de información pública.

Respecto dos datos persoais sobre os que cada unha das partes ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante estas o acceso, rectificación, supresión, así como outros dereitos a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>.  
Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional:



<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para o mantemento e cumprimento do convenio.

## 2. Deber de confidencialidade

As partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- A utilizar a dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de convenio e para os fins nel establecidos;
- A non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;
- A facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da citada relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial.
- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes.

### ***DECIMO PRIMEIRA.- Comisión Mixta de Seguimento do Convenio***

1. Para os efectos de favorecer o establecemento dunha comunicación fluída entre a



Consellería de Sanidade e a Asociación constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento.

Dita Comisión responsabilizarase da planificación, seguimento, avaliación e control das accións derivadas do presente convenio e dos compromisos adquiridos polas partes. Asi mesmo, resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir no desenvolvemento e execución do presente convenio.

2. A súa composición será a seguinte:

Pola Consellería de Sanidade:

- A persoa titular da Dirección Xeral de Saúde Pública que presidirá as reunións da Comisión, ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da Subdirección xeral de Estilos de Vida saudables, ou persoa en quen delegue.

Pola Asociación

- A persoa representante da Asociación, ou persoa en quen delegue.
- A persoa encargada da coordinación do Plan Comunitario de Saúde na Asociación, ou persoa en quen delegue.

Actuará como persoa titular da secretaría o/a xefe/a de servizo que, por razón da materia, estea vinculado á actividade de prevención de condutas adictivas.

A totalidade dos integrantes desta Comisión de Seguimento terán dereito a voz e voto nas deliberacións e adopción de acordos.

3. Corresponderá á Comisión mixta de Seguimento:

- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades e proxectos programados.
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada con este proxecto.
- Resolver as posibles controversias respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio de colaboración.



Esta comisión reunirse para avaliar a execución e resolver posibles incidencias cando o solicite calquera das partes.

### ***DÉCIMO SEGUNDA- Vixencia, prórroga e modificación do convenio***

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2028, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes, formalizado por escrito, antes da data da súa finalización, sen que en ningún momento o período total de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O convenio poderá ser modificado, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, a través de acordo escrito das partes.

### ***DÉCIMO TERCEIRA.- Causas de revogación e resolución***

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Son causas de resolución do presente convenio:

- As previstas con carácter xeral no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
- A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A introdución de modificacións nas directrices dos programas a desenvolver sen contar coa previa autorización escrita da Administración sanitaria.
- A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras con dous meses de antelación a data de finalización da vixencia do convenio.



Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar, se con isto se alterasen os obxectivos deste convenio, á modificación dos importes das axudas.

#### ***DÉCIMO CUARTA.- Natureza e xurisdición***

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa, e réxese polas súas cláusulas e no seu defecto será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, a Lei 38/2003, do 17 novembro, e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento.

As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

#### ***DÉCIMO QUINTA.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno***

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) ou 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de



novembro, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións a información requirida por esta, todo elo nos termos establecidos no Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

En proba de conformidade coas anteriores estipulacións, as partes asinan o presente convenio na data que figura na derradeira sinatura dixital.

Pola Consellería de Sanidade

Pola Asociación PLAN COMUNITARIO

DE TEIS

D. Antonio Gómez Caamaño

D. Eduardo García Crespo



## ANEXO I

### PLAN DE TRABALLO DO PROXECTO E INDICADORES DE AVALIACIÓN

#### 1. Introducción

O Plan Comunitario de Teis propón un proxecto de saúde comunitaria coa finalidade de mellorar o benestar emocional e a saúde da poboación infanto-xuvenil do barrio de Teis, a través da prevención das condutas adictivas e a promoción da saúde integral, nun contexto de elevada vulnerabilidade social e económica.

#### 2. Xustificación

Teis presenta indicadores preocupantes de exclusión social e desigualdades en saúde, cunha renda moi inferior á media da cidade de Vigo, altas taxas de desemprego e problemáticas específicas entre a mocidade en relación coa saúde mental e condutas de risco de adicción. O acceso igualitario ao sistema sanitario non garante igualdade de resultados, e son precisas actuacións comunitarias que traballen sobre os determinantes sociais da saúde.

#### 3. Obxectivos do proxecto

- **Xeral:** Mellorar a saúde e o benestar emocional da poboación infanto-xuvenil de Teis a través da acción comunitaria integrada.
- **Específicos:**
  - Diagnosticar necesidades e dimensionar recursos comunitarios.
  - Crear e consolidar estruturas de participación (comités e comisións).
  - Fomentar a formación en saúde e autocoidado en contextos educativos e sociais centrándose na prevención de condutas adictivas.
  - Activar e optimizar recursos existentes e fomentar redes comunitarias de apoio.

#### 4. Metodoloxía

O proxecto baséase na metodoloxía comunitaria participativa, que integra profesionais da saúde, educación, servizos sociais e entidades veciñais. Establécese unha estrutura operativa con comisións e comités especializados para garantir a implicación da comunidade e unha intervención transversal e sostida.



Nome	Tipo	Integrantes principais	Funcións principais
<b>Comisión de Saúde e Educación</b>	Comisión	Centros educativos, entidades sociais e sanitarias	Coordinación e seguimento de accións en saúde e educación. Propostas de mellora.
<b>Comisión de Ocio e Tempo Libre</b>	Comisión	Colectivos deportivos, culturais e sociais	Planificación de actividades lúdicas e deportivas comunitarias. Promoción do lecer saudable.
<b>Comisión de Urbanismo e Medioambiente</b>	Comisión	Asociacións veciñais, ambientais, cidadanía	Debater e propoñer accións urbanísticas e medioambientais para mellorar o barrio.
<b>Comité interANPAS</b>	Comité	ANPAs dos centros educativos de Teis	Formación e implicación das familias en accións de prevención e saúde (proxecto "Activa").
<b>Comité Técnico</b>	Comité	Profesionais de servizos públicos e entidades sociais (sanitarios, traballadoras sociais, ONG...)	Espazo de diálogo e asesoramento entre profesionais. Difusión de información e sensibilización.
<b>Comité de Saúde</b>	Comité	Profesionais sanitarios, centros educativos, SS.SS.	Grupo motor para organizar e implementar accións de promoción da saúde comunitaria.
<b>Comité de Colectivos</b>	Comité	Colectivos veciñais, deportivos, culturais, ambientais	Participación directa na planificación e execución de accións comunitarias e preventivas.

A relación entre as comisións e os comités é de organización funcional e metodolóxica, na que as comisións actúan como espazos amplos de planificación e coordinación por áreas temáticas, mentres que os comités son subgrupos operativos ou especializados dentro desas comisións.

Esta estrutura favorece unha metodoloxía comunitaria, horizontal e participativa, que implica a toda a rede veciñal e profesional do barrio de Teis.



## 5. Accións principais

- Diagnóstico participativo do territorio.
- Reactivación e difusión dun ficheiro de recursos e activos en saúde.
- Obradoiros de formación e sensibilización para alumnado, familias e profesorado.
- Coordinación comunitaria a través dos comités (saúde, interANPAS, técnico).
- Avaliación continua do impacto e resultados.

## 6. Poboación destinataria

- Poboación infanto-xuvenil dos centros educativos de Teis.
- Familias e ANPAs.
- Persoal docente, sanitario e técnico de servizos sociais.
- Entidades sociais, deportivas e culturais do barrio.

## 7. Período de execución

Desde o 01/07/2025 ao 30/06/2028.

## 8. Indicadores

- Indicadores de proceso (participación, accións executadas).

- N° participación inicial prevista/n° participación final. (N° profesionais, n° colectivos, n° de ANPAS e veciñanza participantes)
- N° de xuntanzas dos diferentes comités realizadas
- N° de accións previstas/Nª accións consensuadas/ n° de accións realizadas
- Grao de desviación nas fases do proceso e ou calendarización
- Grao de cumprimento e adecuación metodolóxica
- Grao de satisfacción das participantes co proceso

- Indicadores de resultado (cambios en coñecementos, prácticas).

- Grao de consecución de obxectivos
- Novos coñecementos xerados
- Poboación destinataria: test/enquisas Pre- Post
- Profesionais, colectivos participantes en cada unha das accións.





- Indicadores de impacto (percepcións, cambios institucionais).

- Cambios na conciencia e/ou coñecementos previos
- Cambios de comportamento previsto.
- Cambios na capacidade de resolver problemas de saúde
- Adquisición de habilidades de afrotamento ante problemas de saúde.
- Propensión á procura de axuda
- Optimización recursos



## ANEXO II

### ORZAMENTO

#### 1. Orzamento anual do proxecto

TOTAL: 75.912,44 €

Concepto	Importe anual (€)
Persoal (Educatora Social + Traballadora Social) 5.634,37 €/mes x 12 meses	67.612,44
Gastos xerais de mantemento e xestión (luz, auga, seguros...)	5.250,00
Gastos de materiais e difusión	1.500,00
Formación (obradoiros e accións específicas)	1.300,00
Desprazamentos	250,00

#### 2. Persoal técnico do proxecto

- 1 Traballadora Social (coordinadora técnica): 2.849 €/mes
- 1 Educatora Social (dinamizadora): 2.785,37 €/mes

Ambas cunha dedicación completa (37,5 h semanais) encargadas de:

- Coordinación xeral e seguimento do proxecto.
- Implementación e avaliación de accións.
- Apoio a comités e colectivos participantes.
- Elaboración de informes e xestión técnica coas administracións.

#### 3. Outros recursos humanos

- Colaboración puntual de profesionais dos centros de saúde e educativos.
- Colaboración de persoas voluntarias para apoio loxístico e actualización de recursos.





## ANEXO IV

A memoria técnica xustificativa seguirá as seguintes directrices:

### 1. Características técnicas:

a) O formato do arquivo será PDF.

b) O documento estará formateado obrigatoriamente con marxes de 2 cm, letra tipo arial, tamaño 11 puntos e interliñado sinxelo, e estará asinado dixitalmente polo coordinador/a do proxecto.

### 2. Estrutura:

a) Encabezamento con identificación da entidade subvencionada e do período de tempo ao que se refire a memoria.

b) Detalle de cada un dos programas levados a cabo. Para cada un deles incluírase a seguinte información:

i. Nome do programa.

ii. Resumo do contido.

iii. Período de execución do programa e localizacións.

iv. Actividades realizadas, especificando os colectivos destinatarios, desagregados por sexo, segundo a seguinte táboa:

Actividade	Tipo de colectivo beneficiario	Número de destinatarios varóns	Número de destinatarios mulleres	Data de inicio	Data de fin

v. Obxectivos previstos e obtidos (cuantificados), segundo a seguinte táboa:

Obxectivo	Indicador	Resultado esperado	Resultado obtido

vi. Desviación respecto á planificación prevista.

vii. Incidencias destacables.

